



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

BANDO INFORMATIVO BONIFICACIÓN RECIBO LIXO 2023

INFORMACIÓN SOBRE A BONIFICACIÓN DO CANON DO LIXO DO ANO 2023

ANTECEDENTES:

Visto que con data 12/09/2023 recibíuse un correo de Sogama no que se achegaba unha comunicación informativa de data 31/01/2023 que por erro informático non tivo entrada neste concello e que contiña o procedemento a seguir para acollerse á bonificación no canon unitario de tratamento de residuos urbanos do ano 2023.

Vista a solicitude do Concello de Val do Dubra a Sogama, de data 18/09/2023, na que se solicita a aplicación da bonificación no canon unitario de tratamento de residuos urbanos do ano 2023.

Diego Luís Díaz Méndez, alcalde do Concello de Val do Dubra (A Coruña),

INFORMA:

Que unha vez recibida por Sogama a documentación anteriormente dita e polos motivos técnico alegados, Sogama aplicará a bonificación do canon ao Concello de Val do Dubra desde o 01/01/2023.

Polo tanto, aquelas veciñas e veciños, propietarios de vivendas, que non teñan domiciliado o recibo do lixo, poden solicitar que se lle aplique a bonificación de Sogama relativa ao ano 2023, antes de que procedan ao pago de dito recibo. A aplicación da bonificación conleva unha rebaixa de 3,82 € no recibo.

Para poder obter o novo recibo coa bonificación aplicada, ou para obter máis información poden achegarse ás dependencias do Concello de Val do Dubra, en horario de 9.00 a 14.00 horas ou ás oficinas de recadación da Deputación da Coruña.

Á veciñanza que ten os recibos domiciliados aplicaráselle dita bonificación de xeito automático, sen que teña que facer ningún trámite.

En Val do Dubra, na data que consta na sinatura dixital.

O alcalde,

Diego Luís Díaz Méndez

Val do Dubra, naturalmente